

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 14 DE

ABRIL DE 2010

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas e trinta minutos do día catorce de abril de dous mil dez, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parceros Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica María Otero López, como secretaria accidental da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, e antes de tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, o Sr. alcalde informa de que se vai dar lectura a unha declaración institucional.

Declaración institucional do pleno da corporación ante as agresións sufridas polos profesionais dos centros de saúde de Cambre

Consta do seguinte teor literal:

“O pleno da corporación municipal de Cambre quere amosar a súa máis profunda condena antes os feitos ocorridos nas últimas semanas no centro de saúde de Cambre. Todas as formacións políticas municipais rexeitamos de forma unánime o uso da violencia en calquera plano da sociedade, pero con maior rigor, rexeitamos as condutas violentas contra os servidores públicos que teñen como misión vocacional a protección da nosa saúde e as nosas vidas. Estes feitos, que lamentablemente xa ocorreron hai poucos anos no centro de saúde do Graxal, deben ser erradicados da nosa sociedade, polo que facemos un chamamento aos nosos cidadáns para que rexeiten e denunciem ante as autoridades calquera comportamento que atente contra a integridade física ou moral dos membros do Servizo

Galego de Saúde.

Os membros desta corporación comprometémonos a tomar todas as medidas que estean ao noso alcance para previr e garantir que estes feitos non volvan ocorrer, e a esixir do resto das administracións públicas a adopción de medidas encamiñadas a evitar e castigar este tipo de comportamentos inxustos e inxustificadas.”

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo apoia plenamente esta declaración institucional, e reafírmanse en contra de todo tipo de violencia que atente contra a integridade física de calquera persoa, á marxe da condición social ou profesional que teña.

O Sr. alcalde manifesta que, polo tanto, a declaración queda aprobada por unanimidade de todos os concelleiros da corporación. A continuación, trátanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Orzamentos xerais para o exercicio 2010

Vista a proposta de Alcaldía de data 5 de abril de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

“**Primeiro:** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Cambre para 2010, que ascende a un importe de 17.037.632,28 euros, co seguinte resumo por capítulos:

CAPÍTULO INGRESOS	TOTAL	CAPÍTULO GASTOS	TOTAL
OPERACIÓNS CORRENTES		OPERACIÓNS CORRENTES	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	4.908.779,88	1 GASTOS DE PERSOAL	5.878.577,64
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	400.000,00	2 GTOS. BENS CTES. E SERV.	6.115.775,82
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.841.512,00	3 GASTOS FINANCEIROS	205.152,91
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.128.001,54	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.034.165,78
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	137.927,23		
Total Operacións Correntes	14.416.220,65	Total Operacións Correntes	13.233.672,15
OPERACIÓNS DE CAPITAL		OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS	0,00	6 INVESTIMENTOS REAIS	3.158.852,50
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	2.017.304,00	7 TRANFERENCIAS DE CAPITAL	41.000,00
8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22	8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22
9 PASIVOS FINANCEIROS	593.890,41	9 PASIVOS FINANCEIROS	593.890,41
Total Operacións de Capital	2.621.411,63	Total Operacións de Capital	3.803.960,13
TOTAL INGRESOS	17.037.632,28	TOTAL GASTOS	17.037.632,28

Segundo: Aprobar as bases de execución do Orzamento para 2010.

Terceiro: Anular as seguintes modificacións de crédito efectuadas sobre o orzamento prorrogado, ao estar incluídas nos créditos e previsións iniciais do orzamento:

- 1.- Expediente de xeración de crédito número 1/2010. Importe: 15.609,40 euros. Motivo: Compromiso achega da Deputación Provincial para o financiamento do programa “Urbanismo en red”.
- 2.- Expediente de transferencia de crédito número 1/2010. Importe: 26.000,00 euros. Motivo: Habilitar crédito suficiente para o desenvolvemento do X Plan municipal de formación.
- 3.- Expediente de transferencia de crédito número 2/2010. Importe: 37.361,80 euros. Motivo: Habilitar crédito suficiente para a selección de funcionarios interinos, en servizos sociais.
- 4.- Expediente de transferencia de crédito número 3/2010. Importe: 2.662,20 euros. Motivo: Habilitar crédito suficiente para asistencia técnica expediente contratación rede WIFI municipal.

Cuarto: Expoñer ao público o anuncio de aprobación inicial por prazo de quince días hábiles mediante anuncio no boletín oficial da provincia e no taboleiro de edictos do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións ante o Pleno, que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do Concello para o 2010.”

Visto o ditame desfavorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 12 de abril actual.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que este ano presentan un proxecto de orzamentos cun importe de gastos e ingresos de 17.037.632,28 euros, o que supón un aumento do 5,25% con respecto ao do ano anterior.

Di que as principais notas características destes orzamentos son, por un lado a contención do gasto corrente que sofre unha diminución dun 2,51%, principalmente por redución de gastos de representación e atencións protocolarias, que chegan a un 55%. Os salarios do persoal increméntanse nun 0,3%. Mantéñense todas as prestacións sociais, actividades de

distintas entidades, culturais, educativas, veciñais, deportivas. Para investimentos achégase a cantidade de 3.158.852,50 euros.

Destaca que os gastos de persoal supoñen un 34,5% do total dos orzamentos, uns 5.878.000 euros. Estes gastos de persoal vense incrementados nun 3,89% debido ao aumento de persoal xeral, e ás previsións de aumento do cadro de persoal para este ano.

En ingresos figuran sobre 8.150.000 euros que proveñen, por exemplo, do imposto sobre bens inmobles, ou do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, e hai unha diminución importante por impostos de licenzas de obras e taxas urbanísticas.

Os ingresos do Estado diminúen en 168.000 euros, aproximadamente, o mesmo pasa cos fondos da Xunta. E para o financiamento do plan de investimentos teñen previsto un crédito de 593.890,41 euros.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que ten entendido que onte houbo aquí, neste salón de plenos, unha rolda de prensa. O Sr. alcalde debía ter un día espléndido e dixo varias cousas, entre elas, retou ao conxunto da oposición a presentar unha moción de censura. El quere dicirlle ao Sr. alcalde que, como explicarán a continuación, hai motivos máis que fundamentados para que iso fose así, e quere dicirlle que, dende logo, por parte del non vai a quedar sen intentar.

Unha vez dito isto poden comezar a falar dos orzamentos. Poden empezar a falar de que os membros do goberno municipal non son de fiar, porque o ano pasado o Sr. alcalde chegou a un acordo con el, co presidente do PP de Cambre, para aprobar uns orzamentos e non respectou nin a súa palabra nin o seu documento escrito. Chegado o día do pleno, o retiraron, e despois evidenciouse o pacto co BNG, con todas as consecuencias que iso ten.

Di que tamén dixeron onte que os partidos non presentaron propostas, e parece ser que os citaron. El quixera que lle mostrasen as convocatorias, ou incluso, se houbo reunións, as actas das ditas reunións, porque non houbo ningunha reunión, non houbo ningún intento de contacto.

Con respecto a que a oposición no fixo propostas di que supón que recordarán que o PP, nos plenos de xaneiro, febreiro e marzo, preguntou polos orzamentos, e no pleno de marzo, no que estivo de alcalde accidental o fiel escudeiro do Sr. alcalde, o Sr. Iglesias, na pregunta precisamente dos orzamentos

O Sr. alcalde toma a palabra para sinalar que el cre que esa palabra sobra, é o primeiro tenente de alcalde, non é o escudeiro de ninguén. Se o Sr. Cubeiro ten algún escudeiro,

entón será el quen ten o problema cando teña que ir a algún sitio con escudeiro ou gardacostas.

O Sr. Cubeiro manifesta que el non necesita escudeiro, e que non se preocupe, que retira a palabra. Continúa dicindo que o tenente de alcalde, alcalde accidental nese pleno, na pregunta que fixo sobre os orzamentos, prohibiulle intervir, prohibiulle volver a preguntar, díxolle que xa habería oportunidade de falar. Eles estaban preguntando sobre os orzamentos, e fixeron varias preguntas, e non lles responderon, polo tanto, non quixeron falar nin antes, nin durante, nin nese pleno, nin querían falar estes días. Vontade de diálogo tiveron cero, ningunha. Era evidente a súa manobra, e ademais a fixeron con chulería, porque para todas as cousas que saen en prensa hoxe, a única expresión que se pode adaptar é chulería.

Din que a culpa é da oposición, porque se non se aproban os orzamentos vanse perder subvencións. Entón pregúntalle ao Sr. alcalde por que o ano pasado aprobou os orzamentos en agosto despois de telos retirado, porque o perigo era o mesmo o ano pasado que este. Pídelle que deixe de caer nesa tentación de botar a culpa aos demais, xa llo dixo moitas veces, a culpa non é da oposición, a culpa é súa, non é dos demais administracións, é do Sr. alcalde. Se o ano pasado os orzamentos os aprobaron en agosto, porque decidiu retiralos e pactar co BNG, esa é a súa responsabilidade, non é dos demais. Polo tanto, se non se aproban os orzamentos non é responsabilidade da oposición, é responsabilidade do Sr. alcalde.

Din tamén que os partidos se centran nos salarios, nas axudas de custo, e dille que non, que o PP non dixo absolutamente nada diso, é máis, o PP dixo neste salón de plenos en varias ocasións que os políticos teñen que cobrar, todas as persoas que traballan teñen que cobrar. Agora ben, non é de recibo que mentres os salarios do conxunto dos funcionarios aumentan un 0,3%, os salarios dos concelleiros que teñen nómina aumentan un 7 e pico. Tampouco é de rigor, nin de recibo, que as axudas de custo do equipo de goberno aumenten un 17%.

Respecto do Plan Arume di que é o que salva a estética destes orzamentos, e ten que dicirlle ao Sr. alcalde que ese plan aprobouse co voto do PSdeG-PSOE, como é normal porque foi quen o presentou, pero tamén co voto do PP, que o apoiou. O BNG votou en contra, e hoxe presume do Plan Arume, dos seus efectos e dos seus resultados, e iso que eles votaron en contra. O que salva os orzamentos este ano é o Plan Arume, un diñeiro que vén da Unión Europea, que non ten o Concello de Cambre.

Din que a oposición non fixo propostas. No pleno do mes pasado, nese pleno no que non podía falar, no que non se podía expresar libremente, preguntaron polas sendas de Pravio, polo tanto, que non lles digan que non fan propostas, porque si que as fan,

permanentemente, pleno a pleno, e o que teñen é que escoitar e lerse as preguntas da oposición, neste caso do PP.

Tamén lles faláron en varias ocasións dos locais da Barcala, para que se dinamice esa zona, para que se lle cedan eses locais a emprendedores, que se faga a exención de impostos a quen cree emprego, pero eles preferiron facer uns locais de ensaio para grupos de rock, por exemplo, esas son as propostas dinamizadoras do grupo de goberno. Pero que non lles digan que eles non fan propostas.

O Sr. concelleiro de Facenda acaba de facer mención ao endebedamento que se firma este ano, máis de 500.000 euros. Parte dese endebedamento é un préstamo para expropiar os terreos de acceso ao centro de saúde. Vai ser o préstamo “do cuco”, eles o piden e quen o vai pagar vai ser a próxima corporación, é un préstamo a sete anos, con dous de carencia, polo tanto, o endebedamento desta corporación e deste alcalde vai pagalo a seguinte corporación e as vindeiras.

Tamén falan da ética, que o PP parece ser que non ten ética, ou non é unha ética do seu agrado, iso si, é evidente, que a ética do PP non é a mesma que a do Sr. Lisnier, pero el quixera preguntarlle en que se basea, con quen os compara para falar da ética do PP, quixera preguntarlle se se refire aos seus compañeiros nesta lexislatura, que contrataron de forma manifestamente irregular a cinco administrativos, sen ter en conta o mérito, a capacidade e a xustificación. Porque se se refire a eses, entón a ética dende logo que non é a mesma a do PP que ao do Sr. Lisnier. E se se refire a concelleiros do grupo socialista que foron de vacacións ou de viaxe, con fondos públicos, entón a ética do PP tampouco é a mesma que a súa, dende logo que non. Por estas cousas é do seu agrado que o Sr. Lisnier diga que non teñen ética, porque como a súa dende logo que non a teñen.

Di o Sr. alcalde, facendo referencia aos salarios, que o Sr. concelleiro de Facenda por 1.900 euros/mes está aquí, xornada tras xornada. A el parécelle terrible o que o Sr. Lisnier traballa para este concello, xornada tras xornada. Mentres hai outros concelleiros, supón que se refire aos da oposición, que por 1.000 euros veñen oito horas en todo o mes. El supón que é por iso, pola súa dedicación a este concello, que cando lle preguntaron polas prazas libres nos colexios, o Sr. Lisnier que ademais de ser concelleiro de Educación é director dun instituto, respondeu que non o sabe. Probablemente sexa que lle dedica tanto tempo ao concello que non sabe nada das prazas que quedan libres nos colexios, e pídelle que non lle poña cara de asombro, porque iso foi no último pleno. A súa resposta foi que o ignoraba, que non o sabía, e moitas veces respondeu que sabía os datos do seu colexio, non os dos demais. Pero dille que el é concelleiro de Educación de Cambre, non só do seu colexio.

O Sr. alcalde fala de que están facendo isto por responsabilidade e que os demais concelleiros, ou voceiros, non teñen peso político. El supón que cando o Sr. alcalde dixo iso é que os está comparando con el mesmo, por exemplo. Di que no seu caso en particular, el non ten responsabilidade nin peso político e se se compara co Sr. alcalde supón que estará falando do Plan xeral, xa que un alcalde con responsabilidade e peso político supón que é normal que leve 12 anos para aprobar un plan que agora se anulou, ou mellor dito, anulouse o contrato, non o plan, o plan non existiu nunca.

Supón que cando o Sr. alcalde fala de responsabilidade e peso político refírese a convenios urbanísticos que xeraron ingresos millonarios a algúns promotores, como o edificio de Lumiera do que se falou en varias ocasións, e do cal o Sr. alcalde non dá explicacións. Supón que cando fala de peso político e responsabilidade refírese a iso.

Supón tamén que cando fala de peso político e responsabilidade estase referindo a un terreo para a Casa da Cultura, que agora volven a prometer, que se ía a construír nun terreo aquí en Cambre, encargaron un proxecto, un concurso de ideas que presentaron de forma grandiosa o Sr. alcalde e o seu tenente de alcalde na anterior lexislatura, e casualmente os 120.000 euros que custou ese proxecto, non valen para nada, é diñeiro tirado, porque o terreo onde se pensaba edificar non é urbanizable. Supón que é peso político que un alcalde faga iso nun terreo que non é urbanizable. Di que é o colmo, é o colmo do urbanismo que un alcalde, que ademais é concelleiro de Urbanismo, faga iso para un terreo que non é urbanizable. Pregunta que lles espera aos demais se o alcalde fai iso.

Polo tanto, manifesta que o seu grupo vese obrigado a votar en contra, pero votan en contra dos orzamentos, de todo o relacionado cos orzamentos, como é a relación de postos de traballo, e dende logo votan en contra da xestión do Sr. alcalde.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que el cre que están diante dun dos momentos máis importantes da lexislatura, como é a aprobación dos orzamentos, que habitualmente se fai catro veces durante un período lexislativo. Di que é importante sempre, pero neste caso moito máis.

Os orzamentos son un instrumento fundamental para poder funcionar unha institución, son o instrumento fundamental do goberno, non o único, pero imprescindible. Hai que ter tamén boas ideas, hai que ter capacidade xestora, hai que traballar moito, hai que ter boas relacións institucionais, pero aínda que teñan todo iso, sen orzamentos non fan nada. Di que este goberno, que o está facendo razoablemente ben, e supón que terán tempo nos próximos días de debater a fondo estas cuestións, dende logo o que é, é un goberno responsable. Dentro desa responsabilidade sabía que non se podía demorar, nin un día máis, a presentación destes orzamentos, porque son un instrumento imprescindible para gobernar, e

porque hai determinadas cuestións que teñen que vir reflectidas nestes orzamentos, que son de execución ao longo deste ano, e que a súa demora pode significar a perda de investimentos moi importantes, dunha cantidade de diñeiro moi importante para a cidadanía do concello.

Di que, dende logo, a primeira responsabilidade de que os orzamentos se presenten e se aproben é do goberno, sen ningunha dúbida, e cuns poucos meses de atraso esa responsabilidade está cumprida. Pero a oposición tamén ten a súa responsabilidade nisto. Pode bloquealos, como parece ser que vai ocorrer, ou pode intentar melloralos, pero en todo caso ten unha responsabilidade que pode asumir ou non, que é permitir que o goberno governe. Se cadra hai forzas políticas que teñen interese no desgobierno, en que o goberno non poida gobernar, por aquilo de que canto peor, mellor para eles. É posible que esa sexa a cuestión.

Moitas veces se cae na crítica fácil, no populismo, nas anécdotas, en cuestións que son absolutamente irrelevantes sobre o tema que están tratando, os orzamentos. Fálase de cousas peregrinas, ou que non teñen a máis mínima importancia dentro do conxunto dun tema tan importante como o que están a tratar. Están falando de algo máis de 17 millóns de euros, que son algo máis de 2.800 millóns das pesetas de antes, e ás veces fanse referencias a cousas absolutamente nimias e que el pensa que, agás para algúns que están moi próximos, para a maioría da xente non teñen ningunha importancia.

Sinala que presentan un orzamento que sube un 39% os investimentos con respecto ao do ano anterior. Efectivamente grazas a algúns compromisos institucionais, grazas a algúns programas que o concello ten concertado con outras administracións, un deles é o Arume. Di que o Arume ten interese en que se aprobe, hai 843.000 euros este ano destinados a algúns dos proxectos que figuran no seu programa. É certo que no seu momento os concelleiros do BNG non votaron a prol do programa Arume, porque non estaban de acordo con algunhas das intervencións que se propoñían, pero, en todo caso, o seu voto non bloqueou. Pola contra, hai outra forza política que se vangloria de que votou a prol dese proxecto e agora está disposta a bloquear a súa execución. É dicir, gustoulle a idea pero agora non permite que este goberno teña os instrumentos necesarios para facer os investimentos que esa forza política aprobou. Pide que llo expliquen, e que llo expliquen aos cidadáns de Cambre.

Pero non é só o Plan Arume, no cal está incluída unha importante subvención de 500.000 euros para a Casa da Cultura, que xunto cos 800.000 que teñen comprometidos coa Deputación hai que executar este ano, e para executalos este ano o orzamento ten que estar aprobado xa, porque hai que aprobar os proxectos, sacar a licitación e comezar a executar a obra, e iso non vale en agosto, ten que ser agora.

Pero é que está tamén o Plan de obras e servizos coa Deputación, e de que se aproben ou non se aproben os orzamentos vai depender que máis de 400.000 euros, entre achega municipal e achega provincial, sirvan para executar un montón de melloras, sobre todo na rede viaria do concello que é tan importante. Supón que todos estarán de acordo en que todo o núcleo de Amil hai que asfaltalo, ou que hai que mellorar determinadas condicións de seguridade viaria nun montón de rúas municipais. Todos os grupos municipais e todos os veciños levan reclamando dende hai moito tempo, na Pega, na Fontenla, intervencións en Bribes, en Cecebre, en Pravio. Todo iso depende de que os orzamentos poidan ser aprobados.

Pero non é só iso, non son só investimentos, que non é pouco, 3.200.000 euros que van recollidos nestes orzamentos para executar, é que tamén están un montón de convenios, cos empresarios, con entidades e clubs deste concello, que ademais son os que permiten que un montón de actividades importantísimas, na maior parte dos casos para a mocidade, pero tamén para promoción empresarial, se poidan levar adiante. O convenio co Club Ciclista, o convenio cos clubs de fútbol, o convenio con Sementeira para a Escola de Música, coa escola de baile As Mariñas, coas Anpas para todas as actividades extraescolares que se realizan no concello. Pois ben, se os orzamentos non se aproban, eses convenios non se poden executar e todo iso non se pode facer, por non falar das subvencións ás entidades, ás comisións de festas, etc. Iso quedaría bloqueado.

Tamén quere facer referencia a unha importante partida que vai incorporada aos orzamentos, máis de 23.000 euros, que son unha mostra de solidariedade co pobo de Haití.

Continúa dicindo que é un orzamento do que teñen os números, algúns xa os explicou o concelleiro de Facenda antes, no que sube o diñeiro que o concello vai gastar por habitante dunha maneira considerable, en torno a un 3%, e no que só en pouco máis do 1% se incrementa o esforzo fiscal que se esixe á cidadanía. Pensan que é un orzamento realista, axustado perfectamente á legalidade, como demostran todos os informes, equilibrado, por utilizar as palabras que os propios técnicos poñen aí.

Eles entenden que probablemente o goberno non guste, que probablemente algunhas persoas non gusten, que algunhas liñas de actuación non gusten, e é absolutamente lexítimo que as forzas da oposición así o manifesten, pero cando se chega ao momento en que o voto pode condicionar o bloqueo do funcionamento dunha administración como é o Concello de Cambre, hai que asumir outro punto de responsabilidade. Está ben que se bloquee este orzamento, é absolutamente lexítimo, pero entón o que haberá que facer é presentar outro, e presentar tamén, contra un goberno que non gusta e que o fai tan mal, un goberno alternativo. Esa é a oportunidade que hai, están aínda a tempo, o límite do ano previo ás

eleccións municipais non se cumpre ata o 27 de maio. Pode haber unha maioría aquí neste concello que elabore unha mellor alternativa para gobernar, e para prever tamén os gastos, un novo documento orzamentario. Pide que o faga, é absolutamente lexítimo e el pensa que é o que terían que facer.

Felicita ao Sr. voceiro suplente do PP por anunciar que vai intentar presentar esa moción de censura, el cre que esa é a parte construtiva da política da que están tan necesitados, e gustaríalle comentar só unha cousa para rematar, aínda que non quería entrar agora nas réplicas, pero é que llo pide o corpo. Sinala que boa mostra de que se lle impediu falar ao voceiro citado e a algúns máis durante o pleno que tivo a honra de presidir o pasado mes, foi que durou dúas horas e media, case baten records, vese que se falou pouquiño, que os voceiros non tiveron oportunidade, cando un pouco máis e entran no seu guinness particular.

Conclúe pedindo que os deixen gobernar cun bo orzamento ou que gobernen eles, esa é a súa posición.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que eles van tratar de explicar a posición do seu grupo, e sobre todo explicar o seu voto en contra a estes orzamentos. O primeiro que vai dicir, como vén dicindo ao longo desta lexislatura, é que quere manifestar a súa decepción e recordarlles que estes orzamentos, unha vez máis, elabóranse e trátanse de aprobar sen unha participación veciñal, sen un cauce de participación que permita aos veciños incidir na elaboración deste documento, con programas por parroquias, incluso individualmente. O anterior concelleiro de Facenda dicía que era posible facelo, pero a realidade é que se cambiou de concelleiro e seguen nas mesmas.

Os orzamentos deberíanse levar polas parroquias, expoñelos e que a xente participara neles e dixera cales son as preferencias para investimentos en cada parroquia, a modo orientativo e non determinante, pero para ter en conta. Iso son os orzamentos participativos, iso é facer un Regulamento de participación cidadá, e iso tamén é investir en democracia.

Ao seu xuízo, ao traer estes orzamentos ao pleno, o goberno municipal manifesta unha debilidade e flaqueza, sobre todo ao non ser capaces de establecer un diálogo rigoroso co conxunto da corporación, e concretamente quere centrarse no seu grupo, que fixo propostas serias e contundentes para tratar de negociar e sacar para adiante este documento.

Son conscientes de que para o goberno local é un trámite incómodo, un imperativo legal, e que lles vai dar igual o que diga a oposición neste pleno. Xa teñen perfectamente concebido como se van sacar para adiante os orzamentos, pero diso xa falará máis tarde.

Di que no seu grupo son conscientes da súa posición responsable, porque as consecuencias da crise para os veciños existen, e os grupos políticos teñen que tomalo en serio, non ser frívolos nestes casos, ser responsables. Por iso EU-IU presentou ideas para poder mellorar os orzamentos. Achegaron propostas e esixiron cambios no documento, que se baixaran os soldos dos políticos, que se revisaran as partidas de gasto corrente, por ser o capítulo onde realmente se pode aforrar; propuxeron que se recoñeceran no documento os investimentos de determinados compromisos, como é a senda peonil de Cambre a Pravio, ou a adquisición de terreos para infraestruturas culturais e deportivas na parroquia de Cela. Iso é algo que non atopan reflectido no documento.

Do informe de Intervención quere salientar unha serie de datos que consideran importantes. Observan que o orzamento ascende a algo máis de 17 millóns de euros, un 5,25% máis que no anterior, debido fundamentalmente, como aquí se dixo, ao proxecto Arume e ao Plan de obras e servizos da Deputación provincial. Pero o que non lles parece menos preocupante son os gastos correntes non financeiros, onde aumentan os gastos de persoal e as asignacións aos políticos nun 3,89%.

Segundo a Intervención municipal as previsións de ingresos deben estar baseadas en expectativas fundadas, e aí si que discrepan, porque teñen serias dúbidas de que as previsións que figuran nos orzamentos, onde se estima un ingreso por taxas de ocupación de vía pública, de telefonía móbil, de 93.000 euros, cando a día de hoxe esa taxa foi obxecto de recurso, o que supón unha certa incerteza cara á súa aplicación de inmediato.

Ademais existen outros motivos, como é a falta de criterio na valoración das partidas que son susceptibles de ser reducidas, e o insuficiente aforro no gasto corrente. Observan que os gastos en retribucións de órganos de goberno son 223.334 euros; gastos xurídicos de órganos de goberno 35.000 euros; axudas de custo de membros de órganos de goberno 103.000 euros; produtividade e gratificacións 152.400 euros; e outro ano máis volve a chamarlles a atención o gasto, para eles excesivo, de 114.000 euros en gastos telefónicos, sen reducir un só céntimo. Eles pensan que é necesario valorar este tipo de gastos, a súa eficiencia e a súa utilidade, como ben dixo, e pensa que con bo criterio, a concelleira responsable de Persoal.

O seu grupo considera que esas partidas deberían reducirse dunha maneira razoable. Están de acordo na necesidade de manter e garantir partidas que son preferentes, en áreas tan sensibles como son Sanidade, Educación, Servizos Sociais, etc., con iso estarían firmando o seu compromiso coas persoas máis desfavorecidas, sobre todo nestes momentos de crise.

En relación coa dotación orzamentaria para a senda peonil de Pravio a Cambre e a adquisición de terreos na parroquia de Cela para infraestruturas sociais e deportivas, xa

manifestaron as súas dúbidas ao observar que non se concretan nin no documento nin tampouco en ningún anexo, nin no informe do Sr. alcalde. Tampouco na memoria explicativa veñen eses dous temas. En calquera caso, a responsabilidade de cumprir co prometido é do goberno, e acadar que tanto os veciños de Cambre, como os de Pravio, deixen de desprazarse polas cunetas, e teñan unha mínima seguridade para poder ir dunha parroquia a outra. E tamén que os veciños de Cela poidan contar cunhas instalacións e cunhas infraestruturas deportivas e sociais para realizar as súas actividades. Iso será responsabilidade do equipo de goberno, e tamén deles que queren que iso se cumpra.

Manifesta que no orzamento é onde se ve realmente onde se sitúan as prioridades, cales son as necesidades que se pensan cubrir e os medios con que contan para facelo. Por iso di que esas partidas non as observan en ningún sitio.

O seu grupo insiste en que se podería aforrar un importante diñeiro e destinalo a partidas importantes, temas sociais, de mobilidade, e outras necesidades dos cidadáns. Para iso EU-IU fixo propostas encamiñadas a moderar e reducir os salarios, reducir as dedicacións exclusivas e medias dedicacións, reducir tamén as axudas de custo por asistencias a órganos colexiados, tanto dos grupos de goberno como da propia oposición. Como dixo xa o ano pasado, e moitos anos máis, correspóndelles a eles, aos concelleiros, aos políticos, comezar a dar exemplo, renunciando ás súas axudas de custo e salarios, rebaixando as medias dedicacións e dedicacións exclusivas, tratando na medida do posible de reducir a produtividade e as horas extraordinarias que se fan neste concello, que eles consideran son bastantes.

Esta última cuestión non só a mencionou o grupo de EU-IU, senón que hai unha providencia da concelleira responsable de Réxime Interior onde apercibe sobre a cantidade de horas que se están realizand, sinalando que fai falta mellorar iso, planificalo dalgunha maneira e reestruturalo polo ben do concello.

EU-IU presentou alternativas, alternativas que miraron de fronte aos problemas, aos veciños e aos traballadores, con propostas sociais capaces de contribuír á xeración de emprego no concello, e a axudar a satisfacer as necesidades dos traballadores de Cambre e das súas familias.

En EU-IU teñen a certeza de que é posible facer máis cousas co mesmo diñeiro. Cren que unha mellor xestión e planificación na distribución dos recursos concretaría unha política máis social, e sobre todo, máis solidaria. Simplemente con reducir o 20% nas axudas de custo dos membros da corporación que asisten a órganos colexiados, e un 10% nos salarios que perciben de medias dedicacións e dedicacións exclusivas, eliminando tamén os 35.000

euros de gastos xurídicos para órganos de goberno, terían un aforro de 80.000 euros, unha cantidade nada despreziable tendo en conta os poucos recursos cos que contan para investir.

Pero tamén poden falar da subida encuberta dos gastos do grupo de goberno, onde fan un uso bastante intelixente do que son as matemáticas. É moi fácil entender o que propoñen. Van aforrar no grupo 912 correspondente a gastos de órganos de goberno para que a xente vexa que os políticos tamén se apertan o cinto, van rebaixar os gastos protocolarios (o cal lles parece moi ben), e pedirlle un esforzo aos grupos municipais, que xa rebaixaron a súa partida anteriormente. Unha vez feito iso observan como acaban de aforrar 78.000 euros, pero el quere preguntarlle ao Sr. alcalde cantos cartos aforran en órganos de goberno. A resposta é nada, absolutamente nada, todo o contrario, suben os soldos, as axudas de custo por un importe, inferior ao que aforran, e así aínda poden anunciar que a partida dos gastos políticos baixa un 4,77%. É unha trampa.

Quere dicirlle ao goberno municipal que non poden confiar neles ante a súa actitude de desprezo cos membros da oposición, ao ser incapaces de chegar a acordos en temas de interese común para os veciños de Cambre. Lamentan que esta situación de incerteza siga sendo a consecuencia dos tres últimos anos de problemáticas, que supoñen nalgún caso a paralización de Cambre e a situación de desgoberno existente.

O seu grupo, repite, presentou e demandou cambios no documento, explicados e argumentados, e a día de hoxe non foron nin sequera respondidos. Cre que iso é unha falta de respecto aos que fan o seu traballo na política do concello. Cren que polo menos deberían ter a deferencia de explicarlles e argumentar cal foi o motivo de por que non aceptaron as súas propostas. Non cren que ante unha iniciativa tan seria como pode ser a redución de axudas de custo dos políticos, a resposta fora a que lles deu textualmente o outro día o responsable de Facenda: “non o consideramos oportuno”, esa foi a resposta que lles deu o responsable de Facenda. Resposta que, ao non ter máis argumentos, é inxustificable, porque se eses son os argumentos que teñen para botar por terra a proposta de EU-IU, dende logo parécenlles bastante pobres. Parécelles de pouco rigor e falta de respecto ao traballo dos demais, pero alá eles, e cada un coa súa responsabilidade.

Di que non pode deixar de sinalar a partida de 35.000 euros de gastos xurídicos para órganos de goberno. Iso ao seu xuízo pode plantear serios agravios comparativos entre políticos da oposición, entre os demais políticos do goberno, e incluso entre traballadores deste concello. Esta partida aparece sen un informe xurídico que a avalie. É un tema que vén precedido dunha decisión unilateral de dúas persoas que elixiron un despacho de avogados en Barcelona para solucionar un problema persoal. O seu grupo non vai contribuír co seu voto a que se pague unha cantidade de diñeiro tal elevada, e que vai

repercutir nos veciños de Cambre. Será responsabilidade dos que coa súa decisión apoiem esta proposta e, en definitiva, terá que ser aprobada posteriormente no pleno municipal.

Continúa dicindo que en vista do acontecido, a decisión do goberno de vincular os orzamentos a unha cuestión de confianza, que se repetiu nestes últimos días dunha maneira bastante importante, para eles é tal legal como imprudente ao existir unha falta de vontade sería por parte do equipo de goberno para consensuar estes orzamentos, porque realmente non existiu vontade. EU-IU falou con eles tres veces, unha cando lles entregaron o borrador do documento, outra unha reunión bastante curta co responsable de Facenda onde lle transmitiron as súas inquiredanzas, e outra reunión co Sr. alcalde onde puxeron as cousas moi clariñas. Non tiveron ningún tipo de resposta, ese é o diálogo que hai coa oposición, pero eles teñen a conciencia moi tranquila, eles traballaron e fixeron propostas serias, e pensa que importantes para o Concello de Cambre.

Dille ao Sr. alcalde que ante as súas declaracións aos medios de comunicación, nun ton arrogante, é máis aínda, arrogante e ameazante, invitando aos grupos da oposición a presentar unha moción de censura, defraudao unha vez máis pola irresponsabilidade das súas palabras, que parece que estaban adoutrinadas. Non se pode falar con esa arrogancia e con esa prepotencia. Hai que ter un respecto aos demais grupos da oposición e ás persoas aquí representadas.

Coa súa maneira de proceder o Sr. alcalde quere dar a entender que os que teñen a culpa da situación, da convulsión política que vive Cambre, son os grupos da oposición. Dille que non, que esta situación de desgobierno vén dada, entre outras cousas, polas continuas dimisións do grupo do PSOE, que foron nin máis ni menos que de tres persoas, e o continuo cambio de responsabilidades nas distintas áreas. Pregúntalle se iso non conta, porque el pensa que algunha culpa diso terá o Sr. alcalde como máximo responsable, que non soubo reconducir a situación de convulsión política que se vive en Cambre nos últimos tempos. Pregúntalle se xa se olvidaron de que cando hai unha pregunta por parte dun grupo da oposición a calquera responsable díselles: “é que levo pouco tempo no cargo”. Esta resposta estase repetindo ultimamente, xa sexa o Sr. concelleiro de Facenda, a concelleira de Persoal, Di que é verdade, pero pregunta se a oposición ten a culpa diso, de que non foran capaces de endereitar a situación.

Dille ao Sr. alcalde que eles son responsables, e que non admiten ningún consello trasnoitado como intenta darlles nos medios de comunicación. E respecto á moción de censura, EU-IU vai ser consecuente, porque pensan que o foron ata o de agora. Van deixar que o tempo pase, hoxe votarán os orzamentos, aprobaranse ou non se aprobarán, logo haberá unha cuestión de confianza, e logo virá o que teña que vir. Eles foron sempre de fronte e puxeron enriba da mesa as súas propostas, primeiro ante o responsable de Facenda,

e despois ante o Sr. alcalde, propostas razoables e coherentes, que baixo o seu criterio non eran nada desproporcionadas, o que pasa é que, parece ser que o equipo de goberno lle tiña bastante medo, ou non querían reducir nin sequera simbolicamente, o que son os soldos, nin as axudas de custo a cargos electivos.

Conclúe dicindo que o grupo de EU-IU seguirá traballando coa responsabilidade que se merece, polo desenvolvemento de Cambre, e polos intereses dos veciños. Por todo isto, van votar en contra do documento dos orzamentos. Saúde e república!

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que el quere comezar facendo unha crítica á actitude do Sr. alcalde na prensa, xa non só estes dous días últimos, senón hai uns días, cando sacou na prensa que os grupos da oposición pediran que se atrasase traer ao pleno os orzamentos do ano 2010. Di que el dende logo non pediu a ninguén que atrasase ese tema, non sabe se algún grupo da oposición o pediu, el dende logo non, nin o pediu agora, nin nunca.

Fálase agora de moita présa, de que fai falta traer os orzamentos inmediatamente, coas mesmas desculpas que todos os anos, que se as asociacións, que se os investimentos non sabe onde, etc. O ano pasado pasaba o mesmo a estas alturas, e quen hoxe acaba de dicir que se poden perder os cartos, o ano pasado estaba pedíndolle neste salón ao Sr. alcalde que atrasase os orzamentos, que se puxeran de acordo, e que tratasen de sacalos adiante consensuados. Sacáronse en agosto. Agora estes señores teñen présa, cando o ano pasado non. Eles si que pediron que se atrasase a votación, foi aquí nesta sala o ano pasado. Chegado agosto, estabilidade do goberno e maioría. Desbarátase a maioría aos poucos días, pero seguen no goberno. Así se chegou á actual situación, na que teñen que andar traendo os orzamentos para aprobalos a través dunha cuestión de confianza, para seguridade do goberno. É curioso, seguridade dos petos dalgúns, si, pero deixa bastante que desexar ter que traer os orzamentos así.

Tamén é curioso que, por exemplo, veñan aquí decíndolles que as propostas que fixo algún grupo, como foi o tema das sendas de Pravio, que esas cousas xa están en orzamentos anteriores, e que non hai problema, que se poden aprobar porque xa estaban en orzamentos anteriores. Pregunta entón como é que en orzamentos anteriores estaban os cartos para pagarlle ao Sr. alcalde e ao anterior concelleiro de Urbanismo os gastos xurídicos dos avogados, e agora volven a metelos. Pregunta se están recadando, incluíndoos en todos os exercicios para tratar de cubrir os gastos que poidan ter como consecuencia de todas as barbaridades e as denuncias que teñen presentadas en contra deles agora. Pregunta se os van xuntando, se os van sumando. Para os veciños, e para o tema das sendas non se poden traer, para os demais hai que traelos cada ano.

Respecto das ganas de consensuar os orzamentos, di que polo que se ve, con algúns grupos reuníronse tres veces, con outros, polo menos con el, non. A el déronlle o documento, reuniuse un día co Sr. concelleiro para ver ese documento e cando sinalou alguha partida, a resposta foi que ese documento era provisional, un avance, e que falarían cando viñera o definitivo. Efectivamente, falaron antonte, na comisión informativa, e cando preguntou se se podía facer algunha modificación a ese documento, contestáronlle que non, que o documento estaba pechado e era así. Ese debe ser o consenso co cal o equipo de goberno pensa que se sacan as cousas adiante.

Pensa que nunca pasou o que pasou esta vez, nin cando o goberno tiña maioría absoluta. Sempre se falou coa oposición, tratando de intentar chegar a consenso, nalgunhas cousas se arraxaba, noutras non, e se non era a prol, ao mellor era unha abstención, pero sempre se falou. Incluso lembra unha lexislatura na que tendo maioría absoluta o partido socialista, o Sr. alcalde contratou de persoal de confianza a un concelleiro do PP, cunha media dedicación. Debía ser que antes o Sr. alcalde tiña ganas de consensuar cousas, e agora débéronlle desaparecer, por riba cunha prepotencia total, dicindo que os grupos da oposición non son responsables. Di que non, que eles non son responsables, que responsable é o Sr. alcalde e máis quen o axuda, os demais non valen para nada.

Como xa falaron do tema os anteriores voceiros, el vaise fixar nunhas poucas cousas curiosas. Así, por exemplo, di que se elimina totalmente a partida de axuda a vítimas da violencia de xénero; tamén foi eliminada a das entidades de cooperación ao desenvolvemento; pola contra o Fondo Galego de Cooperación, antes tiña 2000 euros, e agora dáselles 25.300 euros, di que non sabe, que viu un nome nun comunicado que houbo deste tema, un tal Antón Tenreiro, e non sabe se iso ten algo que ver con algo. Dáse 1 euro para Haití, por cada veciño de Cambre, e sinala que a conta dos impostos dos veciños de Cambre é bo calquera. Dille ao Sr. alcalde que o done el, porque os veciños de Cambre tiveron a oportunidade de donar cada un o que lles pareceu oportuno, en distintas contas que se abriron por aí, en distintos actos que se organizaron tanto dende o concello como dende outras entidades aquí en Cambre, todo iso para recadar fondos e para solidarizarse coa desgraza que tiveron en Haití. Iso parécelle que é a solidariedade auténtica dos veciños de Cambre, e non que o Sr. alcalde dos impostos dos veciños de Cambre saque 1 euro de cada veciño para Haití. Dille que en Cambre tamén hai moitas necesidades. Parécelle que a solidariedade dos veciños de Cambre é a que eles voluntariamente dan, non que o alcalde a conta dos seus impostos destine o diñeiro para esa causa así sen máis.

Na partida para festexos populares seguen igual que sempre, é dicir, 40.000 euros para 11 parroquias e 140.000 para unha, para Cambre. Debe ser que pagan moitos máis impostos en Cambre que no resto, cando esta parroquia só representa a terceira parte da poboación do concello, pero así é como entenden que se deben repartir as cousas.

Despois xa non fala de gratificacións, de retribucións a órganos de goberno, que suben un 7,8%. O ano pasado dixeron que baixaban un 5%, aínda que de maneira difícil, ninguén o entendía agás o equipo de goberno. Este ano suben un 0,3% aos funcionarios, un 7,8% as retribucións dos órganos de goberno. Agora din que foi porque o ano pasado, como o pacto foi en agosto, só puxeran 6 meses, esta vez é para un ano. Non obstante, curiosamente, as achegas á Seguridade Social do grupo de goberno baixan un 3,6 %. Suben as retribucións un 7,8%, pero baixa a Seguridade Social.

Como xa comentou, volven a meterse os gastos xurídicos. Hai dous anos había 35.000 euros, o ano pasado baixaron a 19.000, agora este ano volven poñerse en 35.000. Son cousas que a el lle sacan un pouquiño de lugar. Di que actualmente hai varios funcionarios que están metidos en contenciosos co goberno municipal, dous deles gañaron eses contenciosos nestes últimos días, e eses funcionarios teñen que pagar dos seus petos os gastos que teñan, pero os concelleiros asegúranse non ter que pagar nada polas súas falcatuadas. Di que aínda virán máis cousas desas, porque hai máis denuncias, xa que aquí, todo aquel funcionario que non lle pasa a man polo lombo ao Sr. alcalde, ou a algún máis, ten que aterse ás consecuencias, e se lle doe moito, denuncia, se gana non pasa nada. Hai funcionarios que denuncian cuestións persoais, e están no seu dereito de facelo, pero algúns denunciaron irregularidades do goberno municipal, neses casos, se as ganan, eses gastos de 35.000 euros que inclúen no orzamento deberían servir tamén para pagarlles a eses funcionarios os seus gastos, non só telos para defenderse os concelleiros.

Hai unha falta de interese por parte do goberno municipal para consensuar, para sacar uns orzamentos con certa soltura. Non existe interese e prefieren ir á cuestión de confianza, porque pensan que a teñen bastante segura, e el tamén pensa que non van ter ningún problema. A este respecto quere aclarar algunha cousa que o outro día viña na prensa, porque parécelle estraño que poida chegar a haber unha moción de censura, pero porque dentro dos grupos da oposición hai ideoloxías políticas que están moi distantes, e para poñerse de acordo, para montarlle ao goberno unha moción de censura, é moi difícil. Tristemente é moi difícil que se poñan de acordo, porque seguramente imperan máis as súas ideoloxías políticas que os intereses dos veciños de Cambre. Oxalá se equivoque, oxalá fose ao revés, e oxalá os botasen dunha vez de onde están, facendo mal ao pobo de Cambre.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que respecto das declaracións que saen hoxe en prensa, pide que o Sr. concelleiro de Facenda lle explique esas cinco ou seis chamadas que di en prensa que lle fixo, porque ela só recibiu tres, e dous reunións que tivo, unha, ao igual que os seus compañeiros para

entregarlle documentación, e na segunda para facer ela as súas propostas. A contestación e a resposta do concelleiro foi a mesma que ao resto, que non se tiñan en conta.

Cre que era bastante fácil chegar a un consenso para estes orzamentos, e que toda a oposición estaba de acordo e pedía o mesmo, a baixada de soldos, de axudas de custo, e non só do grupo de goberno, senón dos 21 concelleiros, e aí xa non houbo nin sequera oportunidade de discusión nin de negociación, sinxelamente foi un non por un non de resposta, e así o tiveron que coller.

Dille ao Sr. alcalde que el e o seu grupo, que non equipo de goberno, perderon unha boa ocasión para predicar co exemplo e ter afrontado este proceso orzamentario con vontade de chegar a acordos, e acadar que unha maioría deste pleno respaldase o proxecto de orzamentos, nin sequera o ten intentado. O resultado está á vista, uns orzamentos para a publicidade e propaganda do grupo, e singularmente do BNG. Uns orzamentos que reflicten a política de menos da metade dos concelleiros, cando Cambre necesita de políticas de consenso e de acordos de ampla base. Un orzamento débil, que nace dun goberno débil e carente de liderado, precisamente cando están máis necesitados de liderados fortes.

As cousas ao seu xuízo deberían terse feito doutra forma. Tiñan que ter buscado un apoio sólido a estas contas para afrontar, aínda que tarde e a rastro, o ano 2010, que tamén vai ser difícil, cunha maioría ampla que o respaldase. Lamenta que teña optado polo contrario. A primeira delas é a súa presunta aposta pola cultura da participación, do diálogo. É un discurso oco, baleiro de contido real. En segundo lugar, a aposta do Sr. alcalde pola obtención de acordos tamén forma parte dese discurso oco, xa que nin sequera o ten intentado. Que puidendo ter negociado dende o primeiro momento un proxecto de orzamentos que tivera un apoio maioritario do pleno, optou por quedarse só. Que a capacidade de liderado tamén se mide pola capacidade de negociación, pola capacidade de pacto e de diálogo. Estas carencias son fiel reflexo da falta de liderado do Sr. alcalde.

Di que se lle ten ofertado unicamente “chalaneo”, cambio de cromos, mercadeo, e a iso non está disposta, como xa lle dixo no seu momento ao concelleiro de Facenda. Di que 2010 e 2011 van ser anos nos que vai ser necesario arrimar o ombro, nos que vai ser necesaria unha política de colaboración, de traballar en equipo, xusto o contrario do que fai o goberno municipal agora.

Considera inconcebible que eles, que desprezaron a oferta de diálogo nun asunto de tanta transcendencia, que non se teñen dignado nin a sentarse a debater as súas propostas, e que elaboraron uns orzamentos sen a menor vontade de consenso, lles pidan agora o apoio incondicional.

Di que o goberno municipal lamina sistematicamente calquera proposta de participación nos asuntos públicos que non sexa o amaño, a especulación ou o corte de dereitos dalgúns traballadores municipais, véase o caso de Puertas ou de Souza.

Ela particularmente lamenta ter un alcalde que prefire que as cousas vaian mal a recoñecer que as achegas dos demais son moitas veces convenientes, e en ocasións como esta absolutamente necesarias.

Ela só pode dicirlle que se equivoca unha vez máis deixando que os nacionalistas gobernen Cambre, porque iso é o que leva ocorrendo dende que se asinou o pacto de goberno e entregou ao BNG as áreas esenciais deste goberno, e así lles luce o pelo.

Di que aínda están a tempo de retirar este proxecto de orzamento, que é un auténtico disparate, e substituílo por outro, consensuado co conxunto das forzas municipais. Iso é o que faría un alcalde que aspira a dirixir á sociedade no seu conxunto, unindo esforzos e vontades. Pero el, agora o sabe, nunca ten aspirado a iso, témesse que agora está a outras cousas que non son precisamente gobernar Cambre.

O goberno municipal ten a obriga moral de propoñer un sólido programa de austeridade na administración municipal que rebaixe substancialmente o gasto corrente e supérfluo, así como os soldos dos responsables políticos, dos 21 concelleiros desta corporación.

Di que a súa proposta se concretaba na necesidade dun acordo orzamentario que permitira ao goberno facer o que ten que facer, co apoio de todas as forzas políticas. Grazas a ese acordo tería o seu apoio para asumir unha política de austeridade rigorosa, sen o custo político que tanto temen, e o seu apoio para concentrar os recursos nunhas liñas básicas e estratéxicas, conxugado cun mantemento do gasto social necesario para, progresivamente, non só manter senón incrementar a cohesión social.

O goberno, pola contra, demóstralles que prefiren esperar a que escampe, entregados a unha total ausencia de proxectos e de liderado.

Di que como é plenamente consciente de que nada disto se vai facer, o seu voto vai ser negativo ante o proxecto que presentan, e ánimoos a presentar unha moción de confianza, que clarifique ante a opinión pública se o seu grupo ten o apoio suficiente para seguir gobernando, pero tamén anima aos concelleiros que conforman a oposición, a que olvidando a ideoloxía de cada un, sexan capaces de poñerse de acordo, a través da oportuna moción de censura, nun candidato de consenso que lidere un goberno de xestión que garantice a eficiencia e a total transparencia na administración do público no tempo que

resta ata as vindeiras eleccións locais, onde serán os cidadáns os que van decidir quen debe asumir o goberno no futuro.

Toma a palabra o Sr. alcalde para agradecer as palabras do concelleiro do PP cando dixo que se aprobou o Plan Arume cos seus votos. Di que iso é verdade. Logo, falou do Plan xeral, da incompetencia, de que se ten demorado, ou de temas de terreos, da Casa da Cultura, do edificio Lumiera. El non ten ningunha dúbida de que todo o que se realizou no proxecto de Lumiera está dentro da lei, os servizos xurídicos así o ditaminaron. Di que é verdade o do terreo da Casa da Cultura, que cando se pediu a subvención, pediuse unha reclasificación que pensaban que lles ían conceder, pero que ao final non lles concederon, e iso é certo que hai que asumilo.

Pero tamén lle quere dicir ao concelleiro do PP que el dubida de que se onte non chega a saír nada no xornal, el tivera algo que dicir hoxe, porque todo o tema dos orzamentos basouno nunha nota que sacaron onte na prensa. Di que loxicamente eles onte saíron á prensa porque saben o que pode pasar, saben por onde poden ir os tiros, e saben que teñen esa facultade de interpoñer a moción, gañala ou non, non sabe, algún compañeiro dicía que podía ser.

Respecto do tema que hoxe se presenta, existen discrepancias, e hai dúas en concreto, por un lado axudas de custo e soldos, e por outro servizos xurídicos. El cre que hai que recordar, e sobre todo aquí a algúns concelleiros que estiveron noutras lexislaturas, que non foi un tema de dous concelleiros. Aquí unha empresa denunciou a un empresario que tiña dez postos de traballo en Cambre, dez familias, e que tiña denunciado ao concello porque lle deixaran abrir un local sen licenza. Ante esa denuncia o concello tiña que defenderse, naquel entón o concelleiro de Obras era Andrés López Arcay e o alcalde era el mesmo. O xuíz chamounos a eles para prestar declaración, e eles contrataron un equipo de avogados, e finalmente déronlle a razón á actuación do concello. Grazas a iso aquelas familias puideron seguir traballando. Independentemente de que poidan valorar que a minuta sexa máis ou menos alta, traballaron con nobleza e honradez, déronlles a razón no xuízo e despois, cando presentaron o contencioso. Polo tanto o concello obrou ben, non obrou mal, outra cousa é que os gastos sexan ou non sexan do gusto de todos.

Continúa dicindo que o voceiro de EU-IU dixo que hai unha liña de flaqueza, e aquí non hai ningunha liña de flaqueza, aquí hai unha liña de realidade. Aquí hai 17 millóns de euros para facer obras, e hai que facelas, o que non se pode é pedir que se fagan estas ou aquelas obras, e logo non apoiar os orzamentos para levalas a cabo. Cre que hai que ser coherente. Está de acordo en que se falou dos soldos e das axudas de custo, pero aquí hai un equipo de goberno ao cal no mes de agosto pasado se lle estipularon unhas cantidades e aquí se seguen mantendo, non se teñen incrementado nada, os concelleiros seguen cobrando o

mesmo. Polo tanto, cre que poderá gustar ou non gustar, pero el tamén quere dicir unha cousa, que el como alcalde ten a súa dedicación, e como calquera traballador a defende ata o final. Poderá ser ou non ser elevada, pero ten o mesmo dereito que os demais a ter un soldo, e ese soldo o ten dende o mes de agosto, e ademais o seu soldo non se incrementou dende o ano 2007, ou así. Será moito ou pouco, pero el cre que o que hai que valorar é o traballo de cada persoa, e o diñeiro que se vai ás súas familias. A el, iso de falar de rebaixas simbólicas e demais, non. Dille ao voceiro de EU-IU que unha rebaixa o se fai, ou non se fai, que antes dixo que os gastos suporían uns 80.000 euros, e deses, 35.000 dos avogados. Dille que iso foi o que custou, e non foi o alcalde por capricho, como dixo o Sr. Marante, non é verdade, o alcalde foi citado a declarar polo xuíz, como ao mellor terá que ir mañá, ou tería que ir o Sr. Marante se estivera de concelleiro de Obras. Poderán estar ou non de acordo coa nómina, pero respecto dos gastos xurídicos, a defensa alguén tiña que facela.

Sinala que en todo o tempo que levan aquí debatendo cousas, non se falou de por que meten 3.500.000 de euros nunhas obras e non se meten noutras, senón que se calan, e critican, e non fan. Di que visto isto, será o pobo o que en maio do ano que vén decidirá quen fai e quen non fai, porque dende logo non fai máis o que máis fala, senón o que está todos os días traballando na rúa. A súa política vai ser a de seguir traballando, se están equivocados o pobo o dirá, e que ninguén faga xuízos de valor antes, cre que non é xusto.

En canto ás declaracións da concelleira non adscrita non din nada, é un escrito que ou ben está en plan crítico, ou está dolida, ou lle fixeron aí algo, e leuno e tirou para adiante, porque non se fala nin unha peseta dos orzamentos.

Di que a el lle cae a cara de vergonza que non sexan capaces entre todos de dicir cousas como que non se faga esa obra e que se faga outra. É dicir, están falando de 3.500.000, e cálanse, e toda a guerra é por 80.000 euros. Iso non pasa en ningún outro concello de Galicia, en ningún.

Tamén lle quere dicir ao concelleiro do PP que lle parece ben que poidan votar en contra, pero que tamén é verdade que se aprobaron o Proxecto Arume, habería que terminalo, e non é igual aprobar os orzamentos agora que en agosto. O ano pasado podía dar igual porque o Arume o ano pasado non tiña tanto investimento, pero este ano, no 2010, o Plan Arume ten que certificar e ten que facer obra moi importante. Teñen obras que sobrepasan o millón e medio de euros, canto máis se atrase, máis van a tardar en contratar as obras, polo tanto non é o mesmo. A el gustaríalle que hoxe se aprobaran os orzamentos, gustaríalle como é lóxico, porque pensa que gañarían un mes e medio que lles viría moi ben para poder certificar esas obras.

Comprende que hai discrepancias e que hai criterios diferentes, pero o que está claro é que os investimentos non teñen moito onde ir, están aí e cre que todos son conscientes deles. Preguntan se poderían cambiar algo, a resposta é que ninguén presentou un programa alternativo aos seus orzamentos.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que este pleno é extraordinario porque se chama así, se chama así porque non é o pleno ordinario do mes. Este pleno é extraordinario polo que se está debatendo, polo resultado que vai saír de aquí, pero tamén é extraordinario pola intervención do Sr. alcalde. Di que nesta lexislatura é a primeira vez que o Sr. alcalde fala, polo tanto, este mes merécese o soldo, si señor, é a primeira intervención que ten para tratar de defender algo, outra cousa é que lles guste ou non.

Con respecto á replica, el cre que falou moi claro, polo tanto non vai dicir absolutamente nada máis do tema que lles ocupa. Como xa dixo o PP votará en contra, e pasará o que teña que pasar.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que vai ser moi breve, porque cre que a intervención do Sr. alcalde, pola que lle felicita, aclarou bastantes cousas. Discrepancias lexítimas á parte, pensa que quedou demostrada que si houbo unha negociación, talvez podía ter unha forma máis correcta dende algún tipo de vista, pero si que houbo, porque todos os grupos tiveron un borrador hai máis dun mes, e tiveron oportunidade de presentar propostas.

Quedou tamén claro, el cre que en máis dunha ocasión, que dúas das cuestións concretas, que son importantes, que son a seguridade viaria entre as parroquias de Pravio, Cambre e Cecebre, e a adquisición de terreos para equipamentos socio-culturais ou deportivos en Cela, están recollidas e están vivas de anteriores orzamentos e, polo tanto, non tiña ningún sentido poñelas aquí, porque non sería tecnicamente posible, porque xa existen esas partidas, e , en todo caso, algunha delas o único que hai que facer é cambiarlles o nome. Iso haberá que traelo tamén a pleno, pero eses documentos están aí. Son partidas que teñen financiamento afectado, son técnicas complexas que comprende que para moita xente sexa difícil de entender, pero como sempre, están os servizos municipais de Intervención e Tesourería para explicar esas cousas a todos os concelleiros e concelleiras. Lembra ademais que no último pleno, a raíz de saír unha serie de asuntos sobre eses temas de seguridade viaria, explicouse tamén que había partidas no remanente orzamentario con financiamento afectado, que tiñan o diñeiro suficiente para abordar eses asuntos.

Di que son dous temas concretos, Cela e Pravio, que están contemplados, non neste documento, porque se van incorporar ao documento unha vez se aproben. Iso é así,

automático, o marca a lei, a técnica orzamentaria, non é que o goberno queira ou non queira. Di que nos números se pode crer ou non crer, igual que noutras cousas, pero iso é algo que está aí e non ten ningún problema.

Pensa que a cuestión dos salarios a explicou perfectamente o Sr. alcalde. Cando fixeron o acordo de goberno o pasado ano, é certo que se atrasou a aprobación orzamentaria, pero non por tiras e afrouxas achacables polo menos ao seu lado, senón por determinadas convulsións e porque como recordarán houbo un recurso ao orzamento dunhas funcionarias desta casa que tamén fixeron atrasar a cuestión. En calquera caso, un dos puntos do acordo ao que chegaron, que o BNG propuxo, foi a rebaixa do 5% nos salarios políticos do concello, e aí quedou. É máis, di que a proposta da segunda dedicación exclusiva despois da do Sr. alcalde, era que se mantivera no mesmo nivel que estaba no ano 2003, que é exactamente como está agora. É dicir, baixouse un 5% en agosto, e ademais recolleuse unha proposta que coincidía cunha pretensión de EU-IU, non recorda en que pleno foi, se en outubro ou en novembro, o Sr. alcalde decidiu que na proposta orzamentaria deste ano, e así o dixo no pleno, se ían a conxelar. Os salarios dos concelleiros con dedicación exclusiva ou parcial están exactamente igual que no orzamento que se aprobou do ano 2009, non subiron. Outra cousa é que se lien cos números, porque é fácil, sobre todo para os que veñen de letras.

Aclaradas estas tres cousas quere rematar dicíndolle á Sra. concelleira non adscrita que, á parte dun discurso moi ben redactado, a el segue sorprendéndolle a súa preocupación porque o BNG estea gobernando, pero preocúpalle porque precisamente lembra aqueles meses, entre maio e xullo, en que aprobaron os orzamentos, que logo deron pé ao pacto de goberno, no que ela e outro ex-compañeiro socialista, tiñan un grandísimo interese en que o BNG entrara a formar parte do goberno. Logo el deuse conta de que tiñan moitísimo interese porque o que pretendían era utilizar ao BNG para acumular todo o poder, ou a maior parte do poder do goberno, e deixar fóra de xogo, practicamente sen competencias, aos outros concelleiros, entre eles ao Sr. alcalde. Cando viron que ese xogo non funcionou, comezaron a vir os problemas. Foi lexítimo, como todo na vida, pero naquel momento moito insistiron ela e un ex-compañeiro de grupo que hoxe xa non forma parte da corporación. Cando pensaron que o BNG podía entrar no xogo de manobras internas dentro do seu grupo para desposeer de poder ao Sr. alcalde e ao resto de compañeiros, valíanlles e insistían. No momento en que non entraron nese xogo, porque algunha dignidade e rectitude pretendían levar adiante, a cousa xa comezou a non funcionar. Di que el tiña que dicir isto, polo menos como contrapunto ao que dixo a Sra. concelleira.

Conclúe dicindo que o orzamento é o que hai, non hai unha alternativa sobre a mesa, e pídelles que os deixen gobernar, ou que gobernen eles, iso é o que teñen que facer se non queren que este concello vaia á ruína.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que respecto aos 35.000 euros de gastos xurídicos, o que non pode facer o Sr. alcalde é frivolizar coas familias, con que se vai a axudar a unhas familias, niso non se pode frivolizar, porque todos están de acordo en que no concello hai que apoiar a creación de emprego, niso coinciden absolutamente todos. El non lle dixo ao Sr. alcalde que o concello obrara mal nese sentido, o que si dixo é que lle parece esaxerado que se metan 35.000 euros para pagar os gastos xurídicos, indo a uns despachos a Barcelona. Dille que podería ter ido a EEUU, que ao mellor eran moito mellores e non habería que recorrer.

Por outra parte, tampouco pode o Sr. alcalde tratar de chantaxear á oposición, dicíndolles que eles tiñan pedido isto e aquilo e agora votan en contra. Pregunta se é que teñen que estar supeditados ao que Sr. alcalde queira. Di que teñen a lexitimidade, como poden ter os demais, a discrepar. O equipo de goberno puxo uns soldos, e eles teñen o mesmo dereito a pedir que se rebaxen.

Lembra agora como onte viu na prensa que o alcalde de Viveiro sacou do seu soldo o diñeiro para pagar unha multa de 500 euros por un tema urbanístico. Ese é un exemplo de socialismo e dun alcalde de esquerdas.

Por outra parte, hai outra cuestión que el non mencionara, pero que como despois si se fixo mención na sesión, ten que referirse a ela, fala dos 23.000 euros que se destinaron a Haití. El xa un día na comisión informativa o dixo a porta pechada, e non pensaba dicilo hoxe, pero é que non lle queda máis remedio. Quere que queden as cousas clariñas, e saber o que teñen, a súa responsabilidade e a súa implicación solidaria.

Di que no tema Haití, como dixo o Sr. Marante, o goberno decidiu sacar 1 euro por veciño para donalo, pero el pregúntase pola implicación desta corporación, porque na conta que abriu o concello só se recadaron 2.114 euros, e el quere dicirlles aquí a todos os presentes que o grupo de EU-IU, a esa conta de 2.114 euros, achegou 800 euros. Foron 700 euros das asistencia a plenos, comisións informativas, xuntas de voceiros e mesas de contratación, que o seu grupo decidiu donar, pero é que incluso cando souberon que había entradas para a fila 0, tamén compraron 10 entradas.

Sinala que hai que dicilo todo, e que aí bota de menos a implicación da propia corporación. Non o quixo dicir antes, pero á vista do que aquí se comentou quere deixalo claro.

Respecto do tema da cuestión de confianza e da moción de censura el xa o dixo antes, que isto ten que seguir un proceso, e xa verán o que vai pasar.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que el quere aclarar un pouco o tema dos gastos xurídicos. O Sr. alcalde falou de que houbo aí unhas denuncias e que recorreron a buscar a súa defensa xurídica en Barcelona. Pregúntalle se non hai unha defensa xurídica de atención aos concellos que paga a Deputación, que é gratuíta. Pregunta se é que non se fian dela, ou se non se fian de ningún bufete de aquí da Coruña, xa non di de Cambre, pero polo menos da Coruña. Os demais non teñen por que pagar os seus luxos e as súas defensas, cando pode ser gratis.

O Sr. alcalde explica que a Deputación non fai ese tipo de defensa, non actúa nese tipo de casos.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el ten as súas dúbidas, pero que lle é igual, que hai bufetes suficientes aquí sen ter que pagarlle gastos de desprazamento a esa xente, neste caso de Barcelona.

Conclúe dicindo que tampouco quere entrar en máis debate e que xa antes dixo o que pensaba.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín manifesta que nin está dolida, nin rancorosa, ao contrario, di que está moi aliviada, porque polo menos agora ten voz e voto e non ten que estar seguindo a disciplina de ningún partido político.

Di que no único borrador que lle deu o concelleiro de Facenda hai marcadas moitísimas cousas e dúbidas que tiña no seu momento, das cales o Sr. concelleiro non lle soubo aclarar nin a metade. Na reunión que tiveron, cada dous minutos tiña que falar coa Sra. interventora, algunhas cousas llas aclararon, pero outras non. E como esa foi a última reunión que lle concedeu o Sr. concelleiro de Facenda, entón tampouco houbo ocasión de aclarar nada máis.

En canto ao Sr. Iglesias quere dicirlle que unha das persoas, un dos concelleiros que se negou dende o principio a que houbera un pacto co BNG, foi ela, e así o puxo de manifesto nunha votación que lembra que tivo como resultado 4 votos a prol e 3 en contra. Foi unha maioría na que tivo que acatar a disciplina de voto do partido.

Di que o Sr. Iglesias lle terá que explicar mellor o que dixo antes desas actuacións que contra o alcalde ela tivo naquel momento, porque ela si que ten probas doutras conversas que o voceiro do BNG tivo con outro concelleiro vía correo electrónico, e nas que se ve quen é o que tiña cousas en contra do alcalde.

O Sr. alcalde sinala que finalizado o debate, van pasar á votación, e que sendo conscientes de que os orzamentos non se van aprobar, quere comunicarlles que nese caso a súa intención é convocar mañá mesmo un pleno para a cuestión de confianza, e que terá lugar probablemente o vindeiro luns.

Tamén quere puntualizar o que acaba de dicir o voceiro de EU-IU, respecto de que o seu partido puxo 800 euros. El pensa que o que se pon faise por vontade, e non hai que anunciálo. Cada un pon o que pode, e fai o que pode.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que o Sr. alcalde tira a pedra e esconde a man, e que iso é unha provocación.

O Sr. alcalde di que xa está, que non é provocación, e que ninguén lle dixo o que puxo cada quen. Parécelle fóra de lugar.

O Sr. Taibo pide que se saiba. El cre que neste concello a solidariedade se amosa desa maneira, achegando cada un algo, e non que o alcalde tire de orzamento municipal e poña 23.000 euros.

O Sr. alcalde contesta que, á parte diso, o Sr. Taibo non sabe o que puxo ningún concelleiro, cada un pon o que pode.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro do PP, manifesta que quere dicir que dende este concello tense feito unha campaña para ingresar diñeiro a través de Caixa Galicia a prol do pobo de Haití, e que iso el o ve correcto e está de acordo, pero que tamén hai moitas outras ONGs, Cáritas, que o fixeron. Pódese axudar ao pobo de Haití de moitísimas formas, e el está convencido de que o pobo de Cambre é un pobo solidario e ten colaborado co pobo de Haití a través desas moitas asociacións.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, corrobora o dito polo seu compañeiro de grupo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e votan en contra os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

Así pois, a corporación, por once votos en contra, acordou rexeitar a proposta de aprobación dos Orzamentos xerais do Concello de Cambre para o exercicio 2010.

A continuación, o Sr. alcalde informa de que se levanta a sesión, e ante a pregunta dos concelleiros da oposición respecto de por que non se tratan os outros dous asuntos incluídos na orde do día do pleno, concretamente o punto 2º Cadro de Persoal e o punto 3º Relación de postos de traballo, o Sr. alcalde explica que non procede a súa votación dado que a súa aprobación está condicionada a que se aproben os orzamentos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Antonio Varela Saavedra

Verónica María Otero López